



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Real Academia Galega de Ciencias (RAGC)**, en colaboración coa **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, veñen de convocar a segunda edición dos **Premios de Transferencia de Tecnoloxía de Galicia**. Estes galardóns están destinados a recoñecer o mellor traballo desenvolvido por un grupo de investigación aplicada e os mellores casos de éxito empresariais de transferencia de tecnoloxía. Nesta edición, introdúcese como novidade unha terceira categoría dirixida a grandes empresas. En total, a dotación dos premios ascende a 28.000 euros netos.

A **primeira modalidade** está dirixida a **grupos de investigación** que desenvolvan investigación aplicada e que estén adscritos a centros tecnolóxicos ou de investigación ubicados en Galicia. Premiarase aquel traballo que mellor represente a contribución dun traballo de investigación ao desenvolvemento socioeconómico de Galicia a través da transferencia dos seus resultados ao mercado. A súa dotación ascende a **6.000 euros netos**, así como unha axuda adicional de 4.000 euros para que un membro do grupo realice unha estada de entre dous e tres meses nun centro de investigación de fóra de Galicia.

As outras **dúas modalidades empresariais** están orientadas a recoñecer casos de éxito de innovación acadada a partir da transferencia de tecnoloxía. A primeira delas está dirixida a **PEMEs ou micropemes galegas** que acrediten innovacións procedentes da adquisición dunha patente, dun proxecto conxunto con un ou varios grupos de investigación ou calquera outro mecanismo de transferencia. A súa dotación ascenderá a **12.000 euros netos**. Na modalidade dirixida a **grandes empresas**, valoraranse os

mesmos méritos que para as pemes pero, neste caso, o premio terá carácter honorífico para a empresa e o grupo de investigación recibirá **6.000 euros netos** en concepto de apoio ao seu traballo no eido da transferencia de coñecemento.

Estes premios fundaméntanse na convicción de que unha axeitada transferencia de coñecemento procedente dos organismos de investigación ao tecido produtivo é unha **estratexia prioritaria** a nivel global para **incrementar o desenvolvemento socioeconómico** de calquera territorio. No caso de Galicia, RAGC e GAIN queren recoñecer a través destes premios casos de éxito que sexan difundidos á cidadanía e que sirvan como referencia inspiradora para investigadores e empresarios.

O prazo de presentación de candidaturas pecha o 30 de xuño. As bases completas dos premios atópanse na seguinte **ligazón** e na **web da RAGC**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.